

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac933560940479881812.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 44-2024 Policía Local Furgón S. Froilán

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA AS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA CONTRATACIÓN CON CARÁCTER URGENTE DUN "CENTRO DE CONTROL MÓVIL" (FURGÓN), CON INSTALACIÓN PROVISIONAL DE CÁMARAS DE VIDEOVIXILANCIA NO RECINTO FIERIAL DO SAN FROILAN 2024 E SUS ZONAS DE AFECCIÓN.

Visto o expediente tramitado para modificar o plan de investimentos dentro do vixente orzamento do exercizo 2024, que leva asociada unha transferencia de crédito núm.: 44-2024, por un importe total de 19.607,70 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura as obrigas de carácter económico derivadas da contratación con carácter urgente dun "centro de control móvil" (furgón), con instalación provisional de cámaras de videovixilancia no recinto ferial do San Froilán 2024 e sus zonas de afección.

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, en concreto o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1306/2024, do 16.09.2024 así como os RCMOD Ref.: 61531/2024, RCMOD Ref.: 61533/2024 e Ref.: 61534/2024 por importe total de 19.607,70 €, do 11.09.2024.

Tendo en conta que se ván advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiciadores e magnitudes económico-financieiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro. Neste caso, considerase á vista do informe do servizo que inicia o expediente, que o gasto é necesario para garantir a seguridade durante o San Froilán

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 19.607,70 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac933560940479881812.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 44-2024 Policía Local Furgón S. Froilán

APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
13200.12003 13200.12100 13200.12101	10.927,60 € 2.496,20 € 6.183,90 €	13200.20400	19.607,70 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	19.607,70 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	19.607,70 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.